



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o consultorio de Currelos no concello do Saviñao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de O Saviñao, que conta con algo menos de 4000 habitantes, existe un Centro de Saúde na capitalía, Escairón, e un consultorio en Currelos que se encontra a uns 13km de distancia e atende a unha poboación de 700 habitantes aproximadamente.

O consultorio de Escairón sempre tivo a eiva de non contar con persoal administrativo nin celador, causando isto distorsións na asistencia á poboación, de modo que o resto de persoal tiña que facerse cargo de máis tarefas administrativas das que lles correspondería como persoal sanitario.

No Centro de Saúde de Escairón hai un médico próximo á xubilación, e dado que quen ostenta responsabilidades no SERGAS alude sempre á falta de profesionais, a poboación ten o temor de que non se cubra esta ausencia, e si se faga desaparecer esta praza. É público, tamén, que en Escairón se está a construír un novo Centro de Saúde, e que non é descartable, xunto co resto de reseñas mencionadas, que isto todo signifique o peche do consultorio de Currelos para que se manteñan 3 profesionais en Escairón a conta de afastar a asistencia sanitaria da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Concello de O Saviñao ten unha importante extensión e localidades a moita máis distancia de Escairón que eses 13 km que separan o centros de ambos pobos, podendo estar as poboacións do norte do Concello ata a 16 ou 17 km, isto xunto cunha media de idade elevada da poboación, fai que teñan dificultades evidentes para desprazarse.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a manter aberto o consultorio de Currelos e a dotalo do persoal necesario para manter os servizos sanitarios achegados á poboación para dar por cumpridos os principios de accesibilidade, igualdade e equidade na asistencia necesaria.

Así mesmo, manterá o Centro de Saúde do que depende este consultorio coa dotación de persoal precisa máis alá do número de TIS, senón tamén terá en conta a dispersión xeográfica e o rango etario da poboación.”

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2020 12:01:38

Iria Carreira Pazos na data 27/10/2020 12:01:52

María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2020 12:02:02

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2020 12:02:11

